



Dona KATHERINIE VARELA FERNANDEZ, na súa calidade de Portavoz do Grupo Municipal Popular no Concello de Monforte de Lemos, ao abeiro da lexislación vixente, presenta para o seu debate e aprobación, se procede, na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación municipal, a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO PARA INSTAR AO EQUIPO DE GOBERNO A MELLORAR O SERVICIO DE LIMPEZA VIARIA E RECOLLIDA DO LIXO

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O actual contrato de recollida do lixo e limpeza viaria data do ano 2010, cunha posterior renovación coa mesma empresa no ano 2020, e unha modificación posterior a causa do contedor marrón.

No contrato non consta a zonificación de limpeza viaria levada a cabo pola empresa e indica que se achegará esa zonificación ao Concello por parte da empresa.

O Grupo Popular, tras algunhas queixas de veciños que quixeran que a limpeza viaria fose máis frecuente nalgunhas zonas, solicitou esta zonificación, recibindo un informe asinado pola empresa con planos que datan do 2010.

Entendemos que a situación da cidade mudou ao longo destes quince anos, pois é probable que algunha zona que se consideraba de menos tránsito, aumentara, e viceversa; e quizais o equipo de goberno deba estudar, xunto cos encargados da empresa, a posibilidade dalgún cambio desta zonificación.



Por outra banda, nos lugares da cidade onde non se leva a cabo o “cubeo” e existe un contedor verde de recollida, quéixanse da pouca frecuencia de recollida, pois se acumula con frecuencia bastante lixo resultando insalubre e desagradable.

Sen pretender un cambio de condicións económicas nin relativas ao persoal, o Grupo Popular considera necesario eses traballos de estudo en cooperación coa empresa, para valorar prescindir do “cubeo”, recuperar os contedores tradicionais e facer as modificacións necesarias na limpeza viaria para adecuarse á nova realidade social que poida ter a cidade desde o ano 2010.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Municipal abaixo asinante presenta para o seu debate e aprobación, se procede, polo pleno da Corporación a seguinte proposta de acordos:

- Instar ao equipo de goberno do Concello de Monforte de Lemos a iniciar traballos de estudio e cooperación coa empresa concesionaria do servizo de recollida do lixo e limpeza viaria, para valorar a recuperación do sistema tradicional da recollida do lixo, deixando, por exemplo o “cubeo” na zona comercial e de hostalería do centro; e valorar as modificacións necesarias da zonificación da limpeza viaria.